



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA
NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASETE.**

ASISTENTES:

Presidente:

D. Roberto García Pernas.

Concelleiros asistentes:

D.Luis Otero Paz

D. José Prieto Barro.

D. Luis A. Vilasuso Seco

D.Carlos Alberto Guerra González.

Dª Tamara Paz Balsa..

D.Antonio Riveira Requeijo

D.Mario Felix García Prieto

Dna. Isabel Campello Ares.

Dna. María do Mar Hermida Pico

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas do día 9 de febreiro de dous mil dezasete, xúntanse, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86 de 28 de novembro, en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros/as electos/as relacionados/as na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora do Concello Dona Paula Campos Rodriguez.

Concelleiros ausentes

D. Óscar González Pardo

Secretaria- Interventora:

Paula Campos Rodriguez.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr.Alcalde pregúntalles aos señores concelleiros se desexan realizar algunha observación sobre o borrador da acta da sesión anterior de carácter ordinario, de data de 13.12.2016 .

Procédese a continuación á votación das mencionadas actas e as mesmas resultan aprobadas por unanimidade dos concelleiros asistentes sempre que se fagan as correccións mencionadas anteriormente..

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E INFORMES.

1º. De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía ditas entre os días 1 DE DECEMBRO ata 6 DE FEBRERO (nº 409/2016 a nº 26/2017). A Corporación dáse por enterada.

**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

3. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL 2017**PROPOSTA DA ALCALDIA Ó PLENO PARA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE XERMADE 2017**

Visto o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2017 do Concello de Xermade , esta Alcaldía propón que o Pleno municipal adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2017 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ambos estados á cantidade de **1.604.690,97 € (UN MILLÓN SEISCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS NOVENTA CON NOVENTA E SETE CENTIMOS)**, así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

ORZAMENTO DE GASTOS 2017	ORZAMENTO DE INGRESOS 2017
<u>OPERACIÓN CORRENTES</u>	<u>INGRESOS CORRENTES</u>
CAPITULO 1 314.756,96	CAPITULO 1 472.408,09
CAPITULO 2 1.035.000	CAPITULO 2 10.000,00
CAPITULO 3 3.400	CAPITULO 3 191.900,00
CAPITULO 4 51.350	CAPITULO 4 826.962,72
CAPITULO 5 4.000	CAPITULO 5 1.100,00
Total Gastos Correntes: 1.408.506,96	Total Ingresos Correntes: 1.502.370,81
<u>OPERACIONES CAPITAL</u>	<u>INGRESOS DE CAPITAL</u>
CAPITULO 6 186.538,41	CAPITULO 6 -----
CAPITULO 7 -----	CAPITULO 7 102.320,16€
CAPITULO 8 -----	CAPITULO 8 -----

**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

CAPITULO 9	9.645,60 €	CAPITULO 9	-----
Total Gastos Capital: 196.184,01		Total Ingresos Capital: 102.320,16 €	
TOTAL GASTOS: 1.604.690,97€		TOTAL INGRESOS: 1.604.690,97 €	

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2017, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2017 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

CUARTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

QUINTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉXTO .- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

O Sr. Alcalde expón as cuestións máis relevantes do amplo expediente de aprobación do Orzamento municipal para o 2017 relativas aos diferentes capítulos en materia de ingresos e de gastos e as cuestións máis destacadas dos informes preceptivos do interventor municipal que constan no expediente. Describe ,por exemplo, o contido do capítulo de gastos 4 relativo ás axudas que concede o Concello e describe o capítulo 5 de Fondo de Continxencia. A continuación lee o resumo dos capítulos de gastos un a un e de seguido os de ingresos tamén un a un e lee os totales de gastos e ingresos, que ascende a 1.604.690,97€ xa que se propón aprobar un Orzamento en equilibrio. Destaca a continuación que se incrementan entre outras as partidas de emerxencia social porque houbo moita demanda o ano anterior, tamén para arranxos do pabellón. Deduciuse en 17.000 euros a partida do Obradoiro orzamentado o ano pasado que non se levou a cabo. Tamén se prevé crédito para facer convenio con unha protectora de animais e se reduce a partida do PXOM xa que non se prevén facer trámites este ano. Incrementouse a partida para o Encontro de torneiros e de Escolas Deportivas e reduciuse o de asistencia a Plenos.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Incrementouse o Servicio de Xantar na Casa e as axudas por nacemento de nenos. Lee finalmente o Anexo de Inversións (Capítulo 6 de Gastos), as obras que se prevén levar a acabo e os importes tanto de axudas que se prevén como as subvencións previstas(POS, PDR, Subvención de Presidencia, Subvención de turismo...)

Intervén a continuación o Portavoz do Partido popular para comentar que non están de acordo có contido a priori porque fixeron suxerencias e non reciben resposta e aínda que entenden que as propostas son de alcaldía non comparten o modo de proceder. En primeiro lugar comenta do capítulo 1 de ingresos en canto as previsións de recadación polo IBI, considera que cométese un agravio dos inmobles que están no suelo rústico con respecto aos do solo rural incumplindo acordos plenarios, pon a continuación un caso concreto dun membro da Corporación , dunha explotación gandeira en solo rústico con respecto ao que pagaría en solo rural por non aprobar una ordenanza máis adecuada e por seguir sendo de aplicación a ordenanza aprobada polo PP no seu día. Con respecto aos gastos, continúa, segue a facerse a mesma previsión en gastos de membros da Corporación sen ter en conta a renuncia ás extras que eran ilegais e a adaptación do seu salario á Lei de Incompatibilidades que rebaixaba o mesmo aprobado tamén en Pleno. Con respecto ao persoal laboral se fai una previsión ante a posibilidade de solicitar axudas para este persoal en caso de que se convoquen a tal efecto, entón non entende porqué se renunciou este ano a estas axudas. En gastos , no referente a alumeados, sumministracións, tampouco entenden esta dotación ante o previsible aforro que suporían os recentes contratos de aforro enerxético e consideran que en outras parroquias via subvención como fixera o seu partido na anterior lexislatura se levaran a cabo estos cambios no alumeados a luces LED para aforrar enerxía. En relación coas inversións , votan de menos que se inclúa en Momán a construción dun Parque infantil en condicións e non perigoso e que na medida que sexa posible o fagan empresas da zona. Con respecto a retroexcavadora , consideran que aínda non saíu dos problemas coa desbrozadora e se mete noutro lío, e que non conta con estudio económico nen con personal cualificado para utilizala. En estradas se fai una previsión xenérica na medida que cheguen os cartos, e considera o portavoz do PP que podía esperar a retroexcavadora e asfaltar carreteras que son necesarias. Non están por todo isto de acordo porque ademais son 100% seus, do PSOE.

A continuación intervén a portavoz do BNG para comentar en primeiro lugar que os orzamentos se presentaron tarde, xa que considera que deberían terse presentado antes do 31 de decembro e con alevosía para aproveitarse das circunstancias xa que se poideron presentar antes. En canto o capítulo 1 de Gastos, considera que non se debería facer a mesma previsión na remuneración dos membros do Goberno municipal porque o Alcalde cobraba pagas extras ilegais e o proceso o seu salario está xudicializado. En canto o capítulo 2, se prevén 15.000 euros para a paxina web e non entenden en que se gastan xa que non se fai ben o traballo incumplindo acordos plenarios de transparencia e publicación de información relevante como os decretos e os acordos plenarios. No capítulo 2, na partida 165 de infraestructuras non se contempla o aforro que suporán as luminarias(o contrato segue intacto) e se mantén a mesma previsión orzamentaria, por outro lado edificios e construción tampouco se especifica para que se vaia destinar esta partida (6.000 euros de incremento). Con respecto aos vehículos se pasa de 2.000 euros a 5.000 , tampouco o entenden. Con respecto a Luz se incrementaron as partidas pero os focos que se pagan á veciñanza non se incrementan, Con respecto ao tractor, se incrementaron os gastos do tractor, incrementan tamén os gastos para os campos de fútbol e non están en contra pero hai prioridades, según a portavoz, para eles. Continúa comentando que en gastos diversos(varias partidas) incrementa en 7.000 euros en trofeos (festas) e non lle parece serio. Na partida 226.231 do SAF sube 19.000 euros pero comenta que é mentira porque a Xunta incrementou en 15.000 euros, entón o Concello tan só pon 4.000 euros. Por outra parte o tractor desbrozador, comenta os gastos que supón, 9.000 euros máis seguro, mais gastos, mais persoal. Continúa comentando que o Alcalde se puxo en contacto con o seu partido un día por teléfono e eles sempre lle piden o mesmo, que faga un Plan de necesidades, quedou ademais de reunirse máis adiante e nunca o fixo. Incrementase a partida de axudas para nenos e naceu un neno este ano, aínda que a partida tamén contempla a axuda de emerxencia social , non consideran que un seguro de coche sexa una emerxencia social e mentres non se aprobou una ordenanza se deberían atender tan so a necesidades básicas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para contestar as intervencións anteriores , en primeiro lugar comenta que chamou os partidos da oposición para analizar posibles propostas de obras e demais e me



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

dixeron que primeiro propuxera eu. Miraron, ademáis, partida a partida os gastos do ano pasado para facer propostas. Con respecto aos ingresos polo IBI, se fixo a previsión coas previsións que nos facilitou a Deputación, xa que Catastro non se molestou. Con respecto á partida das remuneracións do grupo de goberno, non cambiou a previsión precisamente por estar xudicializado. Con respecto ao alumeado, se arrastraban gastos do ano anterior, por eso se fixo o incremento. Con respecto ao parque no rural non lle ve problema, pero si que se colará una vaia de cara a protexelo da carretera. En relación, continúa, coa retroexcavadora, este concello téñ moitas pistas e a ve necesaria, En canto a mellora de estradas, se incluíron as máis deterioradas pero están abertos a que, mediante posibles subvencións futuras se arranxen máis. En canto o comentado da paxina web, nesa partida non só está a paxina web, hay varios programas. Con respecto ao contrato de mantemento do alumeado, non se modificou polo momento porque considera que os focos led instalados son una parte moi pequena do Concello que aínda non se vai reflexar en gran medida este ano no aforro. Con respecto á subvención que se dá para os focos, se fai según as posibilidades económicas de cada Concello. En canto aos gastos do campo de fútbol, sempre conleva moito gastos, por iso se fixo a previsión.

Intervén a continuación o Sr. Portavoz do PP, para comentar que é verdade que se incluíron o ano pasado obras que propuxo o seu partido pero que a maioría non se levaron a cabo. Pregunta a continuación ao Sr. Alcalde se se ten previsión de utilizar o crédito previsto para compra de terreos e aconsella mercar o terreo onde está a depuradora e pedir una subvención para levar a cabo as obras alía inda que non lle vén intención de facer nada. En canto a retroexcavadora, hai que dirixir aos operarios e que non vaian a desbrozar a Vilalba. Para o Parque infantil, continúa, tiña un bó exemplo con respecto ao que fixeron eles, e era mellor que houbera esperado a ter mais cartos.

Intervén o SR. Alcalde para preguntarlle ao portavoz do PP polas obras que non se executaron e o mesmo contesta que se refire as pistas que non se asfaltaron e tan so se bachearon.

Toma a palabra a portavoz do BNG, para comentar que antes da intervención vai aclarar alguna cousa, volve a repetir o tema da subvención do SAF no que mentíu o Alcalde (interrumpe o Alcalde para aclarar que non se fagan acusacións no Pleno), por outra parte, con respecto ao cambio das luces Led no municipio, onte na prensa se intuía que se cambiarían en todo o municipio. E con respecto ao asfaltado das pistas do ano pasado que propuxeron os partidos da oposición, tan so se bachearon e non se fixo o arreglo integral tal como se prometera. Continúa a portavoz coa súa intervención comentando que dende que ela é concelleira dende o 2011, a contribución que pagan os vecinos do Concello subíu máis dun 60% e neste Pleno se aprobou un acordo polo que se aprobaba a modificación da ordenanza do IBI xa fai un ano pero non se levou a cabo e a xente segue pagando. En canto as taxas, tamén subiron dende o 2011 un 69.36% que tamén paga a veciñanza. En canto ao contrato de mantemento do alumado, a veciñanza segue cobrando o mesmo polos focos e non se prevé revisión do contrato, pero os altos cargos seguen cobrando o mesmo, ademáis os servizos non melloran pero o capitulo de gastos correspondente. supón 2/3 do orzamento. Con respecto as axudas para as escolas acaba de comentar que polo informe de intervención non se prevén no orzamento e casualmente no concello veciño de Muras se acaban de aprobar en contra de toda esta lexislación. En relación á desbrozadora, se acaba de mercar e xa se volve a solicitar outra máquina. Remata dicindo que non hai neste concello programa cultural, non hai servizos de calidade, non hai, como se prometera, orzamentos participativos, se sube a kilometraxe... Acaba recordando os acordos plenarios que se seguen sen cumprir (grabacións dos plenos, a ordenanza do IBI...) Con respecto á desbrozadora, pregunta a concelleira se é viable a merca doutra desbrozadora. Por todo anterior, non van a probar estos orzamentos.

Intervén o Concelleiro Carlos Albero Guerra para preguntar polo kilometraxe, que non se incrementou. Contesta a portavoz do BNG que se incrementaron as axudas de custo. Contesta o Concelleiro que son partidas dos funcionarios, non de políticos, que se fixe ben.

Toma a palabra o SR: Alcalde para comentar que con respecto á depuradora de Momén esperan que a faga a Xunta de Galicia porque é una inversión moi grande. Con respecto á maquinaria, este Concello é moi extenso e igual que nos concellos vecinos necesita de maquinaria para poder facer os traballos có personal propio. En relación co parque de Momán, non é comparable có de Candamil porque só se cambiaron uns columpios, non se fixo novo. Contesta a continuación á portavoz do BNG comentándolle



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

que tén una fixación có salario do Alcalde e que él en casi dous anos non cobrou ningua dieta, que é moita a responsabilidade e o traballo e que ningún veu ao concello a enriquecerse. Continúa contestando que se fala do 2011 e o seu grupo de goberno entrou no 2015, e non se incrementaron tanto os tributos. En canto o programa cultural, os traballadores falan cos diferentes sectores e se levan a cabo as actividades que son viables. En canto ao orzamentos participativos, se falou coa veciñanza o ano pasado no senso do PXOM e como aínda non se levaron a cabo todas, non se creu convinte volver a falar, no obstante se falará para o ano para continuar cos orzamentos participativos. En relación coa grabación dos PLenos xa se están grabando aínda que non sexa en video porque conleva un gasto moi grande. Remata comentando que intentaron cubrir con este proxecto de orzamentos, as necesidades de todos e que si se recadan máis ingresos dos previsto se poden facer máis cousas neste exercicio.

A continuación se somete a votación o acordo proposto , votando a favor os catro concelleiros do PSOE , en contra os catro do PP e abstención a concelleira do BNG, a continuación a mencionada concelleira interrompe para comentar que se equivocou que estaba pensando no seu compañeiro de partido e pode rectificar, se admite polo Sr . Alcalde e vota en contra. Resólvese o empate en segunda quenda co voto de calidade do Alcalde que é a favor, quedando aprobado o acordo por maioría simple.

4.-MOCIÓNS

Non hai mocións.

5.-ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

O Grupo Municipal Do BNG formula os seguintes:

1. ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Ante o estado e a falta de conservación de moitas pistas do concello e coa intención de mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de concello, formulamos o seguinte rogo:

- **Que, con cargo aos orzamentos do ano 2017, se acometan as obras de rexeneración do firme, asfaltado e limpeza de cunetas para evitar que se deteriorenen en pouco tempo, das seguintes pistas de titularidade municipal:**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- na pista que vai dende a LU-P 2213 a LU-P 2201 por Xemaré, o tramo de pista que comunica As Cavadas con Xemaré;
- na que saíndo da LU-P 2205 (Pedreiro- As Pontes) comunica os barrios da Pena, Besura, Aмоса e Leboré e remata na estrada autonómica LU-170;
- na que saíndo da LU- 170 comunica o barrio do Reguengo e remata na anterior;
- na da Veiga a Aureana na parroquia de Piñeiro.;
- na do Pazo a Ameixide na parroquia de Lousada.
- nos accesos ao Meiriño na parroquia de Momán.

2. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO** e **MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Ante o estado e a falta de conservación de moitas pistas do concello e coa intención de mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de concello, formulamos o seguinte rogo:

- **Que, con cargo aos orzamentos do ano 2017 se acometan as obras de bacheado e limpeza de cunetas, para evitar que se deteriorenen en pouco tempo, das seguintes pistas de titularidade municipal:**
 - a que, dende a parroquia de Candamil (aprox. punto quilométrico 10,500 da Ac-861) comunica co barrio de Vilacide (Cabreiros);
 - a que, dende a AC-861 (parroquia de Burgás) comunica co lugar das Mariñas (Burgás);
 - a que dende o casco urbano de Xermade vai á LU-P 6513 (Vilalba-Momán) e pasa polo camiño, lugar de Xermade;
 - a que comunica as Testas (Burgás) coa LU-P 6516;
 - a que comunica a LU- P 2213 coa LU 170.

3. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO** e **MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Exposición de motivos:

Ante o estado e a falta de conservación de moitas pistas do concello e coa intención de mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de concello, formulamos o seguinte rogo:

- Que, con cargo aos orzamentos do ano 2017, se acometan as obras de rexeneración do firme, asfaltado e limpeza de cunetas para evitar que se deteriores en pouco tempo, das seguintes pistas de titularidade municipal:
 - na pista de Vilar que sobe ao parque eólico (Momán), especialmente no medio das casas;
 - na pista de Castrorramil (Momán)

4- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Ante as queixas da veciñanza das Casas Novas en Burgás da falta de colectores de reciclaxe, formulamos o seguinte rogo:

- Que se incremente o número de colectores de reciclaxe neste lugar e que se faga extensible o outros lugares do concello que teñan este mesmo problema.

5- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Hai uns días vimos como un novo temporal de vento e choiva causaba estragos no noso Concello, deixando numerosos núcleos sen electricidade durante varios días, cos conseguíntes danos domésticos e para as granxas, especialmente para as de leite que, inda dispoño a maioría delas de xeradores para muxir, tiveron que asumir un custe a maiores por una situación totalmente allea a elas. Nalgún caso mesmo o camión de recollida tivo problemas co acceso ás granxas debido ás árbores que ocupaban as estradas e dificultaban ou mesmo impedían o seu paso. Imaxinen vostedes o que supón



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

para unha granxa botar tres días sen poder muxir... Así mesmo, o temporal non só trouxo vento e cortes de luz, tamén deixou grande cantidade de auga ao seu paso polo noso concello. Estas fortes chuvias ocasionaron numerosos danos nas pistas e camiños que soben aos montes ao longo do concello e que son normalmente empregados pola veciñanza para o acceso a parcelas agrícolas e forestais, quedando logo do temporal case que impracticables, con grandes cárcavas e furados, e arrastrando pedras, terras e demais ao fin destes, normalmente currais e estradas tanto municipais como provinciais que a día de hoxe seguen sen limpar, facendo mesmo perigosa a circulación de vehículos nestes puntos. Ante esta situación, e coa intención de axudar e colaborar cos veciños e veciñas de concello, formulamos o seguinte rogo:

- **Que, dende o Concello, se poña a disposición da veciñanza un punto de información**

ás afectadas polos danos do temporal e se lles informe e axude nos pasos necesarios para a tramitación de queixas e ou reclamacións polos danos sufridos.

- **Que, na elaboración dos orzamentos de 2017, se contemple unha partida para o arranxo dos danos provocados nos camiños municipais.**

- **Que a brigada municipal limpe a terra e as pedras acumuladas, que foron arrastradas pola auga na desembocadura dos camiños, alí onde supoñan un risco ou un problema para a veciñanza.**

O Alcalde di que se da por enterado.

PREGUNTAS:

En primeiro lugar o Sr. Alcalde expón que vai contestar as preguntar formuladas no anterior Pleno:

- **PREGUNTAS DO BNG:**

1. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** fórmulanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Exposición de motivos:

A piques de rematar esta anualidade na que o concello de Xermade comezou a realizar os desbroces das pistas municipais con medios propios, cun tractor e desbrozadora de brazo mercados con diñeiro dos orzamentos do 2016 a isto hai que engadir a contratación dunha empresa externa para levar a cabo parte dos desbroces. Lembramos que se desbrozaron pistas que non son municipais e non había ningún convenio establecido.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Que balance fai o grupo de goberno do investimento do tractor e da desbrozadora?**
- **Cales foron os gastos de combustible, mantemento e reparación de avarías?**
- **A canto ascendeu o contrato da empresa externa?**
- **Que pistas se desbrozaron con cargo ao contrato coa empresa externa?**
- **Cantos quilómetros supoñen as ditas pistas?**
- **A día de hoxe, cantos quilómetros de pistas se desbrozaron con medios propios? Cantos quedan por desbrozar?**

O Alcalde contesta que o balance foi positivo , estase desbrozando todas as pistas , sobre todo as forestais , importantes nesta época do ano para evitar destrozos e que salten pedras.

En canto aos gastos, remitiulle os datos as tesoureira: 2.816,08 de gasoil e 2.209 de arranxos.

O Contrato ascendeu a 6.000 euros coa empresa externa.

En canto as pistas que se desbrozaron foron Lousada de Abaixo e de Arriba , algo de Roupar e Candamil e Cabreiros .

Se calcula que 50 km se desbrozaron con cargo a ese contrato e en total 105 quilómetros.

2. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlalle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

No pasado verán modificouse a ordenanza de vehículos de tracción mecánica no concello de Xermade. Unha das modificacións que contempla respecto á ordenanza anterior é a exención de pago de vehículos de máis de 25 anos catalogados como Históricos. Non obstante, puidemos ver un bando do concello onde non quedaba moi claro se os vehículos tiñan que ter a catalogación de Históricos ou simplemente unha antigüidade igual ou superior aos 25 anos. Tamén temos constancia de varias solicitudes de vehículos que non cumprían a condición de Históricos e que solicitan a exención.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Cal é a situación real?**
- **Que vehículos quedan exentos do pago do imposto?**

O Alcalde contesta que a situación real actual é que a Ordenanza está en vigor e que están exentos os vehículos de máis de 25 anos de antigüidade e os históricos.

3. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlalle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

Medio ano despois do Segundo Premio Xermade na Historia e a seis meses da terceira edición, o grupo municipal do BNG non sabe nada da posibilidade de facer edicións escritas das dúas primeiras edicións do Premio tal e como solicitamos neste pleno.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Cal é a situación a día de hoxe?**
- **Fíxose algunha xestión para levar a cabo a edición e divulgación dos traballos presentados nos premios tal e como os organizadores e o noso grupo municipal solicitamos?**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde contesta que según a Deputación Provincial xa se presentaron varios traballos e se van a seleccionar en breve.

Si que se falou coa Deputación e se comprometeron a colaborar.

4. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** fórmulanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

No anterior pleno ordinario celebrado por esta corporación aprobouse, por unanimidade, unha moción presentada por este grupo político para que o arranxo da estrada Momán-As Pontes fose incluído nos orzamentos da Deputación, xa que como premusen de que son parcipativos, non hai mellor representación da veciñanza de Xermade que o pleno, e máis se se decide por unaminidade. A día de hoxe non temos constancia de que se tramitise á Deputación o dito acordo, tal e como se recollía na moción.

Polo exposto, o noso grupo fórmulalle as seguintes **preguntas**:

- **Cal é o motivo polo que non se transmitiu á Deputación o acordo tal e como se recolle na moción?**
- **Cal é o motivo polo que se están a incumprir sistematicamente os acordos plenarios?**

Contesta O Alcalde que houbo un erro e que se retrasou a funcionaria competente e que aínda que haia retraso non se incumplen.

5. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** fórmulanlle a Vde., para que sexa atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Vén de ter lugar a XVIII festa dos cogomelos de Roupar despois de varios anos sen levarse a cabo, organizada segundo figuraba no cartaz anunciador pola AVV. do Campo e polo Concello de Xermade e coa colaboración da Deputación de Lugo.

Polo exposto, este GRUPO POLÍTICO preséntalle a Vde. as seguintes **preguntas**:

- **Que orzamento tivo a 18ª edición da festa dos cogomelos de Roupar?**
- **Cantos tickets se venderon?**
- **Cantas persoas foron invitadas á degustación gastronómica?**
- **Que achega económica fixo o Concello?**
- **En que consistiu a colaboración da Deputación?**
- **Contou coa colaboración dalgunha entidade privada? Con cal? Con que colaborou?**

O Alcalde contesta que o orzamento foi de 9.625 euros e que se venderon 208 tickets que non pasaron pola contabilidade do Concello porque o xestionou a Asociación de Veciños de Roupar. Foron invitados 25 persoas (tickets) ,os encargados de algún stand cargos políticos da Deputación, de outros Concellos e do noso propio.En canto a achega económica que puxo o Concello 546,03 euros e a Deputación puxo 8.929 euros en dúas partidas diferentes. A Banca colaborou con 150 euros e gorras.

- **Sobre o Facebook:** Quen leva o Facebook? Porque a información que se colga nel non se colga tamén na páxina web? Que criterios se seguen para seleccionar a información que alí se colga? Segue comentando que xa que é un medio de publicación oficial deberíase seguir o mesmo criterio que para a web.

O Alcalde contesta que hai un administrador que é da Corporación e 3 editores, María , Manuela e Ernesto que colgan a información e están avisados que faciliten todo o relevante.

PARTIDO POPULAR

A Continuación a concelleira do PP Dona Isabel Campello Ares formula varias preguntas orais (que se compromete a presentar por escrito para a seguinte sesión):

- En Xullo de 2016 , a asociación de de veciños de Cazás solicitou por rexistro a información sobre a titularidade das escolas unitarias da parroquia que aínda constan a nome do Concello, cando pensa dar resposta?



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde contesta que o arquitecto está a mirar o tema, que espera que pronto se solucione porque parece ser que no Inventario están aínda afectadas aos servizos público de escolas e hai que desafetalas.

PREGUNTAS NOVAS DO BNG:

1. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

No pleno organizativo do 9 de xullo de 2015 aprobouse, cos votos a favor do grupo municipal do PSOE (incluídos Roberto García Pernas, José Prieto Barro e Carlos A. Guerra González), que se pagarían os gastos de locomoción cando fosen efectivos e tivesen previa xustificación. Tamén se fai referencia na acta do dito pleno ao artigo 75 da Lei de bases de réxime local, que no seu punto 4 di que os membros das corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e nas que aprobe o pleno corporativo. Como se ve, o pleno desenvolve como se debe cobrar os quilómetros, efectivos e con xustificación.

No pleno do día 11 de febreiro de 2016, ante preguntas feitas por este Grupo Municipal pola imprecisión, e a falta ou o intento de xustificación por efectuar competencias que non correspondían, no cargo das indemnizacións, o Sr. Alcalde comprometeuse a “no sucesivo ser máis concreto”.

Agora preséntanse de novo as ditas indemnizacións para o cobro concretando aínda menos que as anteriores, isto é, coma sempre, o compromiso do Sr. Alcalde non serve para nada. A única xustificación para o cobro da indemnización é o día en que se fixo o desprazamento e o lugar; óbviose o máis importante e a verdadeira xustificación de cobro: o motivo, sen el non se pode facer un seguimento da veracidade dese desprazamento, básico no exercicio de transparencia en que deberíamos ser exemplo para a cidadanía, tanto o señor Alcalde coma o resto da corporación.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Cal é o motivo polo que non se cumpre a lei, nin os acordos plenarios, en materia de indemnizacións por locomoción?**
- **Por que varios concelleiros pasan quilómetros por**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

desprazamentos ao mesmo sitio e no mesmo día?

- Cal é motivo de que os concelleiros pasen quilómetros en días festivos?
- Por que razón non se concreta o motivo das viaxes das que se solicita a indemnización por locomoción, tal e como se comprometeu?
- A que se debe a variación da quilometraxe cando é ao mesmo lugar? Por exemplo, a Lugo dependendo da persoa que solicite a indemnización hai 75, 106 ou 120 km.

O Alcalde contesta que entenden que si que se cumpren os acordos. Pasan os Concelleiros varias veces a kilometraxe porque van a varios cometidos diferentes ao mesmo lugar e se pasan en festivos porque non se para a vida municipal porque sexa festivo, aínda o fin de semana pasado estiveron recollendo árbores polo temporal. Indicamos a onde imos , se a Deputación ou a onde.

Intervén a concelleira do BNG para comentar que hai que concretar o motivo e que a kilometraxe varían sendo o mesmo recorrido, que todos o aprobaron nun Pleno. Continúa preguntando por viaxes concretos e porque varía a kilometraxe , xa que deben contabilizarse dende o centro de traballo, non dende a casa.

Intervén o tenente alcalde para comentar que o actual equipo de goberno non cobrou nunca dietas, e reduciu os gastos en asistencias.

A Concelleira do BNG volve a intervir para dicir que o Alcalde se comprometeu e que tén que cumprir.

O Alcalde segue contestando que dependendo de onde se saia se fao máis kilometraxe ou menos.

2- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** fórmulanlle a Vde., para que sexa atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

O concello de Xermade ten a totalidade do seu territorio dentro da reserva da biosfera "Terras do Miño". Dentro dos órganos de xestión están representados os concellos afectados. Soubemos que ás últimas reunións do dito órgano xestor acudiu, en representación do concello, o Sr. Alcalde e como non informou do alí tratado nin á veciñanza nin a esta corporación, como é a súa obriga,

polo exposto, o noso grupo fórmulle as seguintes **preguntas**:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- **Que propostas levou o sr. Alcalde ás ditas reunións?**
- **Por que non se informou, como mínimo, a esta corporación das ditas reunións para poder levar propostas consensuadas?**
- **Cales son as liñas de actuación do plan de acción e en que van afectar a este concello?**
- **Sendo de vital importancia para o desenvolvemento do concello o dito plan de acción, por que non se informou a veciñanza para que puidera participar?**

O Sr. Alcalde contesta que foi convocado porque este concello forma parte do órgano de participación, continúa comentando que non tivo que levar proposta porque era unha Asamblea ordinaria sobre funcionamento e gastos do órgano. Non informou á Corporación porque a convocatoria foi posterior á sesión anterior. En canto as liñas de actuación se incluíron os cursos que organiza a entidade, as charlas, actividades.. Non se informou á veciñanza porque aínda é moi recente, ademais se pode remitir ao Alcalde propostas por parte dos concelleiros...

Intervén a concelleira do BNG para ensinar un mapa indicando o amplo territorio(a totalidade do Municipio) que comprende en Xermade a Reserva da Biosfera e que non entenden como non se levaron propostas nin si quera suxerencia algunha, ademais comenta que non se poden plantar eucaliptos e que o Alcalde é o maior promotor da plantación dos mesmos a través da Comunidade de Montes en que é tesoureiro.

Contesta o Alcalde que, dende que se estableceu a prohibición non se plantaron mais, que iso foi anterior.

Lee un pouco o Alcalde a Orde do Día da mencionada reunión: propostas de centros educativos, memoria anual do 2016..), e comenta que él interveu no debate da plantación dos eucaliptos, que non había que masificar pero si plantar en aqueles lugares que se precise. Considera ademais que os Alcaldes non son quen de prohibir plantacións de eucaliptos se a lei o permite, plantexouse tamén a protección do Pedregal de Eiriña e que non se plantaran eucaliptos no entorno e que se vai facer unha xornada sobre plantacións de eucaliptos.

3- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexan atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

En anteriores plenos este grupo municipal presentou numerosos rogos para que o concello se interesase polo estado e a situación de diversos elementos do patrimonio existentes no noso concello. Como vemos que nalgúns se acometeron obras e noutros non se fixo nada nin se tivo ningún tipo de información,

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Que xestións se fixeron para que se efectuase a limpeza e a reparación da ponte sobre o río Trimaz en Cabreiros?**
- **Cal é o motivo polo que non se solucionou aínda a devolución da dita ponte ao seu estado orixinal?**
- **Que actuacións se prevén efectuar para a reparación do espolio da dita ponte?**
- **Está prevista a reparación do cemiterio municipal? Para cando?**

O Alcalde contesta que se fixeron charlas co técnico e o Xefe de Carreteras neste sentido para que limparan os mobles e varias cousas que había contaminantes e o adecentaran. En canto a devolución da ponte ao estado orixinal, non se sabe onde están esas pedras e en todo caso esta cuestión seguro que prescribiu a día de hoxe. En canto as actuacións, se pretende colocar unha baranda de madeira, ademáis que debería ser cortado a circulación de coches para manter o bo estado. Está prevista, continúa, a reparación do cemiterio para este ano.

4- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexan atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

No pleno do día 11 de febreiro de 2016 aprobouse unha moción presentada por este grupo político sobre a estrada que sae da LU-P 2205 (Pedreiro- As Pontes), comunica os barrios da Pena, Besura, Aмосa e Leboré e remata na estrada Autónoma LU-170, nela pedíase que se acometesen inmediatamente, con



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

cargo aos orzamentos do ano 2016, as obras de rexeneración do firme e a limpeza das cunetas na dita estrada, co fin de deixala en perfecto estado de circulación.

Realmente o único que se fixo foi un simple bacheado das fochancas máis fondas e ao pouco tempo volva estar practicamente no mesmo estado.

*Polo exposto, formulámoslle as seguintes **preguntas**:*

- **Cal foi o motivo do incumprimento do dito acordo corporativo?**
- **Cal é o a razón de que non se inclúa nos orzamentos deste ano se xa se incumpriu o acordo plenario anterior?**

O Alcalde contesta que non se incumplíu , en principio, porque se bacheou a zoa. Nos orzamentos desde ano está previsto unha zona próxima mais abaixo para arranxar, pero se lle pode dar un repaso.

5- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexan atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

No mes de decembro de 2016 levouse a cabo o cambio de iluminación pública no barrio do Pedreiro, trocáronse as luminarias convencionais por luminarias LED tal e como leva anos pedindo o noso Grupo Municipal.

*Polo exposto, formulámoslle as seguintes **preguntas**:*

- **Que foi das vellas luminarias propiedade do Concello?**
- **Valorouse coa empresa adxudicataria do servizo de mantemento a posibilidade de ir substituíndo as luminarias tradicionais por luminarias LED nas vivendas segundo estas se vaian fundindo?**
- **Valouse a posibilidade de revisar o contrato coa empresa adxudicataria do mantemento do alumeado tendo en conta o**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

aforro en custos que este cambio supón?

O Alcalde contesta que as vellas luminarias están amontoadas na nave. Algunha lámparas se están cambiando por algunhas de 20 vatios, non por LED. En canto ao contrato vixente comenta que aínda se cambiaron moi poucas de todo o municipio e non se prevé gran aforro para proceder a unha modificación do contrato actual polo momento.

A Concelleira do BNG comenta que en Concellos veciños sae a luz gratis aos Veciños e o Alcalde contesta que teñen moitos cartos, que non é o caso de Xermade.

6- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexan atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

Na campaña electoral de 2015 o señor Alcalde prometía orzamentos participativos á veciñanza. En 2016 non se levaron a cabo aínda que si se fixeron xuntanzas polas parroquias para explicar o tema do PXOM e que incluía na orde do día os orzamentos participativos. Pero para este 2017 que vén de comezar non temos coñecemento de ningún tipo de xuntanza para que a xente puidese opinar sobre a distribución dos orzamentos para a presente anualidade.

*Polo exposto, formulámoslle as seguintes **preguntas**:*

- **A que se debe que o señor alcalde non cumpra co seu programa electoral?**
- **Como ten que facer a veciñanza para que as súas propostas cheguen ao concello e poidan formar parte dos orzamentos de 2017?**

O Alcalde comenta que o programa se está a cumprir, pero como aínda non se cumpriron con todas as demandas do ano 2015 non creron necesario volver a falar con eles hasta que se rematen todas aquelas. Para o ano, continúa, se reunirán coa veciñanza de novo, ademais se poden plantexar propostas por escrito, por teléfono ou a través das asociacións de veciños.

A concelleira do BNG intervén para comentar que eles non coñecen esas propostas dos veciños, que só as coñece o grupo de goberno.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

7- **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexan atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

*Nos pasados meses rematou o servizo de Orientación Laboral que o Concello de Xermade xunto co de Guitiriz ofertaba á veciñanza Polo exposto, formulámoslle as seguintes **preguntas**:*

- **A que se debe a eliminación do servizo?**
- **Dispón, coa eliminación deste servizo, o Concello de Xermade de recursos humanos para facilitar orientación laboral á nosa veciñanza?**

O Alcalde contesta que a Xunta é a que téñ as competencias e comentou o Concello de Guitiriz de non seguir porque senón se convertería en fixo o persoal que hasta agora era temporal. En canto se se dispoñen de medios persoais, o técnico de emprego está a facer tamén esas labores de orientación en ofertas de emprego, cursos...á veciñanza.

Comenta o portavoz do grupo popular que con respecto ao kilometraxe , coméntalle ao tenente alcalde que seria mellor meter máis kilometraxe e ir a ver aos operarios e que traballen dentro do Concello. Con respecto aos kilómetros dos desbroce, din que foron 105 km e lle parecen poucos , porque viñanse facendo unha media de 200km ao ano cando gobernaba o seu partido.

PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR

- En canto a Protección Civil, como máximo responsable da entidade estará ao corrente da situación da proteccion civil de Xermade ,o grado de cumprimento da legalidade: quen forma a directiva, todos teñen o curso básico e o EPI?

Contesta o Concelleiro competente que todos teñen o curso básico e algún de segundo nivel incluso salvo un que está sacándoo, a equipación a teñen todos, os EPIs todos tamén .En canto a directiva non estaba seguro e promete informarse para o seguinte Pleno.Comenta que o Portavoz do PP estaba como membro pero xa non consta.

- En canto ao Inventario de Camiños , cando pensa traelo ao Pleno?



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde contesta que xa se está a facer o traballo, que se firmou un contrato cunha empresa cunhas bases aprobadas por decreto de Alcaldía que era o Competente.

- Sobre o anterior Pleno, en relación á protectora de animais, dixo dos cans que estaban en bon estado, segue o Alcalde mantendo que están en bo estado?
O Alcalde contesta que é o que comentou a protectora de animais, que non se acorda se aínda estaban na nave.
- En canto ao persoal que se podía contratar non lle queda claro.
- Cando tén pensado quitar o estercol do arredor do Concello?

O Alcalde contesta que é compost, que non é estercol, e que toman nota para revisalo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as vinte dous e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde e da Secretaria que da fe.

V.e Pr.
O Alcalde

A Secretaria Interventora

Asdo.- Roberto García Pernas.

Asdo.: Paula Campos Rodriguez